

## **Concurso de creación literaria e creación plástica**

### **10º aniversario do pasamento de Carlos Casares**

TEMA: CARLOS CASARES. VIDA E OBRA.

#### **BASES DO CONCURSO:**

##### Artigo 1

##### **Dos participantes.**

Poden participar, de maneira individual ou en grupo, alumn@s dos centros escolares da comarca da Limia.

##### Artigo 2

##### **Das categorías.**

I.- Alumn@s de Educación Infantil e do 1º ciclo de Educación Primaria, na modalidade de creación plástica.

II.- Alumn@s do 2º e do 3º ciclos de Educación Primaria ESO, nas dúas modalidades.

III.- Alumn@s dos tres primeiros anos da ESO, nas dúas modalidades.

IV. Alumn@ de 4º ano da ESO, de Bacharelato e de ciclos formativos de Formación Profesional, nas dúas modalidades.

##### Artigo 3

##### **Dos Traballos.**

Os traballos deberán gardar relación coa figura e/ou a obra literaria de Carlos Casares, a partir do(s) libro(s) asignado(s) ao centro educativo.

Os traballos de creación plástica poden ser debuxos, bandas deseñadas, puzles, etc. O tamaño máximo ha de ser o dunha cartolina A3.

Os traballos de creación literaria deben ter una extensión máxima de dous folios A4, por unha cara, con 4 marxes de 2 cms., letra Arial, tamaño 16 e 1,5 de espazo interlineal, presentados en folio A3 formando como un cartafol e en CD ou DVD.

Valorarase a orixinalidade, a imaxinación e o grao de vinculación á obra do escritor.

##### Artigo 4

##### **Da Presentación.**

Os traballos han de se presentar con pseudónimo.

Nun sobre pechado, no que figure o pseudónimo e a categoría, achegarase ficha cos datos seguintes:

- Nome completo do(s) autor(es), curso e nivel educativo.
- Centro escolar, enderezo e teléfonos de contacto.

#### Artigo 5

##### **Da exposición dos traballos.**

Os traballos presentados serán expostos no Museo da Limia e na Casa de Cultura de Xinzo de Limia ao longo dos meses de abril e maio.

#### Artigo 6

##### **Da participación popular.**

Establécese un sistema de votación popular: cada visitante da exposición poderá emitir, durante o mes de abril, un voto a favor dun dos traballos de creación literaria e outro dos de creación plástica.

#### Artigo 7

##### **Do Xurado.**

O xurado estará integrado por cinco persoas, designadas polas institucións convocantes.

Este elixirá o traballo premiado entre os cinco que máis votos populares obtivesen en cada unha das categorías e das modalidades establecidas.

#### Artigo 8

##### **Dos premios.**

Establécese un único premio por categoría e modalidade. Este vai consistir nun lote de libros doado pola Fundación Carlos Casares e un diploma de recoñecemento.

#### Artigo 9

##### **Da entrega de premios.**

Os premios serán entregados en acto solemne, cuxo lugar, data e programación serán comunicados con antelación aos centros educativos e aos concellos da comarca.

#### Artigo 10

##### **Dos prazos e recepción dos traballos.**

Os traballos presentaranse no Museo da Limia, cuxo domicilio a estes efectos establécese no concello de Vilar de Santos, rúa Celanova 77, de luns a venres, de 9 a 14 horas, antes do 31 de marzo de 2012.

#### Artigo 11

##### **Da publicación dos traballos premiados.**

Os traballos premiados poden ser publicados na revista *Lethes* (Centro de Cultura Popular do Limia) ou nunha obra monográfica.

#### Artigo 12

##### **Da aceptación das bases.**

Cantos participaren no certame teñen que aceptar estas bases que o regulan.